



CONCELLO  
DE  
**PONTEAREAS**

(Pontevedra)

**BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE PONTEAREAS, CELEBRADA O 19 DE XANEIRO DE 2016.-**

Casa do Concello Ponteareas 19 de xaneiro de 2016, baixo a presidencia do Sr. Alcalde don Xosé Represas Giráldez, asistidos da secretaria accidental dona Pilar Rodriguez Dominguez, están reunidos os señores concelleiros dona M<sup>a</sup> Jesus Garrote Represas, dona Cristina Fernández Davila, dona Hortensia Bautista Fernández, dona Verónica Carrera Blanco, don Francisco F. Alonso Pedreira, dona Vanesa Fernández Soage, don Mario Lago Moriña, don Benito Marquez Castro, don Salvador González Solla, dona M<sup>a</sup> Belén Villar González, don Andrés Sampedro Fernández, don Jesus Manuel Cao Vila, don Alberto Novoa Iglesias, dona M<sup>a</sup> Soledad Valado Pérez, don Domingo Freitas Dalmeida, don Juan Carlos González Carrera, dona Raquel Bautista Alfaya (que se incorpora no punto 3), don Manuel N. Troncoso Rodríguez e don Lino Costas Vila, non asistindo dona M<sup>a</sup> José González Aparicio, con obxecto de levar a cabo sesión ordinaria da Corporación Municipal previamente convocada para a data e que se celebra en primeira convocatoria. Sendo as 20,4 horas iníciase a sesión e de conformidade coa orde do día son adoptados os seguintes acordos:

**1.-Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior do 21 de decembro de 2015.-**

Informados da acta da sesión anterior do 21-12-15, é aprobada por unanimidade a favor dos membros presentes (19 votos a favor).

**2º) Dar conta dos Decretos e Resolucións ditadas entre o 7 e o 30 de decembro de 2015 E o nº 2207 Bis do 30 de novembro 2015.-**

**A Corporación Municipal queda enterada dos seguintes decretos e resolucións:**

**Período dos Decretos e Resolucións: do 7 de decembro de 2015 ó 30 de decembro de 2015 e número 2207.bis do 30 de novembro de 2015.**

**Empezan co número 2234.15 do 7 de decembro de 2015 e rematan co número 2376.15 de 30 de decembro de 2015.**

**C O N T I D O:**

**ALTAS** no Padrón Municipal de Habitantes: Trinta (30).

**CAMBIOS DE ENDEREZO** no Padrón Municipal de Habitantes: Vinte (20).

**ORDENACIÓNS DE PAGOS:** Trinta e nove. (39).



**APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA:** Un (1)

**PAGOS A XUSTIFICAR:** Un (1)

**APROBACIÓN LIQUIDACIÓN DE TAXAS:** Dous (2).

**EXPEDIENTE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA:** Un (1)

**EXPEDIENTE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO:** Un (1)

**RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO:** Tres (3)

**REINTEGRO GASTOS/DEVOLUCIÓN DE INGRESOS:** Sete (7)

**CONVOCATORIAS DE PLENOS, XUNTAS DE GOBERNO E COMISIÓNS INFORMATIVAS:** Once (11).

**LICENZAS TENZA DE ANIMAIS E OUTROS:** Un (1)

**CONTRATACIÓN DE PERSOAL:** Un (1).

**NOMEAMENTO DE TRIBUNAIS:** Un (1)

**EXPEDIENTES POR INFRACCIÓNS EN MATERIA DE TRÁFICO, CIRCULACIÓN E SEGURIDADE VIAL:** Dous (2).

**EXPEDIENTE RECLAMACIÓN CANTIDAD:** Tres (3)

**CONCESIÓN AXUDA EMERXENCIA SOCIAL:** Dous (2).

**DELEGACIÓN VODA CIVIL:** Un (1)

**AUTORIZACIÓN TALA DE ÁRBORES:** Oito (8)

**AUTORIZACIÓN ENTERRAMENTOS:** Un (1)

**Nº 2277.15.-** Aprobando certificación nº1-única e factura das obras “ABASTECEMENTO DE AUGA E REPOSICIÓN DE BEIRARRÚAS NA URBANIZACIÓN A FREIXA”

**Nª 2348.15.-** Resolvendo abonar, según as disponibilidades presupostarias, parte da paga extra suprimida no 2012 ós funcionarios.

**Nº 2349.15.-** Aprobando certificación nº 3-final das obras “ACONDICIONAMENTO PLANTA BAIXA CENTRO CULTURAL DE ARCOS”.



CONCELLO  
DE  
**PONTEAREAS**

(Pontevedra)

**Nº 2350.15.-** Aprobando acta de recepción das obras “ACONDICIONAMENTO PLANTA BAIXA CENTRO CULTURAL DE ARCOS”

**Nº 2352.15.-** Prorrogando o presuposto do 2010 para o exercicio económico do 2016.

**Nº 2354.15.-** Concedendo subvencións ao abeiro das Bases para promover o emprego e fomentar o autoemprego nos anos 2015 e 2016.

**Nº 2375.15.-** Complementaria á resolución de prórroga de presuposto do 2010 para o exercicio 2016.

Se incorpora á sesión don Jesus Manuel Cao Vila.

**3º.-Proposta dos Grupos Municipais BNG, PsdG-PSOE, e Misto (A Riada e EU-SON) sobre incorporación do concello de Ponteareas na Área Metropolitana de Vigo, e outros aspectos.-**

O SR. ALCALDE, a concelleira Dona Vanesa Fernández a expoñerá con mais detaie.

O asunto quedara pendente dende a xunta de voceiros do pasado xoves coa intención de consensuar antes do pleno, non houbo ata agora aportacións, por eso se presenta co apoio dos grupos que xa o asinaron.

Tanto eu como a concelleira Sra. Garrote asistimos a reunións, se dará conta se procede.

A proposta é do teor:

“Os grupos políticos con representación no Concello de Ponteareas, que asinan esta proposta, BNG, PSdeG-PSOE, e Mixto (A Riada do Tea e EU-SON) e no seu nome os voceiros de cada grupo, ao abeiro do ROF, presentan a seguinte MOCIÓN CONXUNTA para o seu debate en pleno relativa á AREA METROPOLITANA DE VIGO

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nestes momentos estase debatindo a constitución da Área Metropolitana de Vigo. O pasado 26 de outubro, a Xunta de Goberno Local acordou, “Dirixirse, ao Presidente da Xunta de Galiza, ao Alcalde de Vigo e ao Director Xeral de Administración Local comunicando o interese do concello de Ponteareas en participar na área metropolitana de Vigo dende o momento inicial e solicitando unha entrevista cos mesmos para coñecer a situación actual e as previsións para os vindeiros meses en canto a reforma da Lei da Área Metropolitana, concellos que participarían inicialmente, concellos a incorporar, competencias de servizos que asumiría a Área Metropolitana, etc.”, solicitando sendas reunións para tratar esta cuestión e indicando tamén que a principal prioridade



CONCELLO  
DE  
PONTEAREAS

(Pontevedra)

de Ponteareas, neste momento, con relación á Área Metropolitana de Vigo é a incorporación ao transporte metropolitano.

Transcurrido este tempo, mantiveronse varias reunións co Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero, por parte do Alcalde de Ponteareas e a 1ª. Tenente Alcaldesa na primeira delas, posteriormente por parte do Alcalde, D. Xosé Represas sendo a última o pasado 13 de xaneiro coa participación dos alcaldes de 15 concellos da área metropolitana. Dende a Xunta de Galicia non houbo nin contestación á petición de reunión.

Nesta situación, e considerando que Ponteareas non debe quedar á marxe da constitución da Área Metropolitana de Vigo, é polo plantexamos ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

1. Manifestar a vontade da Corporación Municipal de incorporación do Concello de Ponteareas na Área Metropolitana de Vigo a partir do momento de constitución da mesma e. conxuntamente cos demais concellos da área participar na toma de decisións, para a defensa dos intereses de Ponteareas.
2. Manifestamos a nosa prioridade en canto ao transporte público na área metropolitina de Vigo para que Ponteareas se incorpore ao mesmo no menor prazo posíbel, instando a Xunta de Galicia a asumir as súas obrigas en base as competencias en transporte interurbano.
3. O Concello de Ponteareas participará naqueles servizos que nos sexan de interese, dentro dos que poña en marcha a Área Metropolitana. No seu momento tomaranse as decisións que correspondan en cada caso.
4. Consideramos que a financiación debe realizarse en base aos habitantes de cada Concello e como ente local a mesma debe contar coa correspondente financiación dentro do PIE do Estado e do PICA da Comunidade Autónoma.
5. Trasladar estes acordos á Xunta de Galicia, solicitando unha reunión coa Dirección Xeral de Administración Local na que participarían todos os Grupos da Corporación.
6. Trasladar estes acordos ao Alcalde do Concello de Vigo, e a todos os Concellos da futura Área Metropolitana(21 concellos), manifestando o interese en participar nas convocatorias que se realicen co obxectivo de por en marcha esta Entidade e de participar o Concello de Ponteareas na toma de decisións sobre a mesma.
7. O goberno local comprométese a informar a todos os Grupos da Corporación de todos os pasos que se den sobre os acordos anteriores”.-

O SR. GONZÁLEZ SOLLA, xa na xunta de voceiros dixo que si queríamos aportasemos canto antes. Nos o aportamos o 15 de xaneiro e non estaba na carpeta do pleno.



CONCELLO  
DE  
PONTEAREAS

(Pontevedra)

O SR. ALCALDE, foi presentada con data 15, pero na xunta de voceiros se falara de aportar ata o 14 de xaneiro.

O SR. GONZALEZ SOLLA, na xunta se dixo que aportaramos canto antes.

O SR. ALCALDE, o que se debate hoxe é a proposta que se inclúe na orde do día, a do PP si se quere poderase tratar como emenda.

O SR. COSTAS VILA, nos imos apoiar, aínda que teño que amosar a miña sorpresa, o texto non é o mesmo que había na comisión. É mais completa pero hai un pequeno cambio (no que consensuáramos falábase dende o momento inicial", agora falase de manifestar a vontade), é unha diferenza importante.

O SR. ALCALDE, hai unha lei da Área Metropolitana e o mais operativo e que se di sexa a partir do momento da súa constitución. Primeiro constiúese con 14 concellos, só podemos pedir a partir do momento da súa constitución.

O SR. COSTAS VILA, apoiamos e queremos que se participe, non quere dicir que logo estemos a favor.

O SR. TRONCOSO RODRIGUEZ, A Riada apoia. Pensamos que é transcendental dende o punto de vista do transporte metropolitano.

A SRA. FERNANDEZ SOAGE, Ponteareas é o maior pobo ao oeste de Vigo. Con Vigo temos contactos comerciais, teatro, cultura, educativos, universitarios, laborais ou sanitarios.

Temos constante mobilidade Vigo-Ponteareas, é sería malo quedar fora.

Ventaxas: servizos de auga, lixo, saneamento, ademais de ter mais presuposto pola cesión doutras administracións.

Vínculos que xustifican a creación da Área: (acceso a servizos de idénticas características con independencia do lugar de residencia. Redución de costes, aforro de fondos públicos. Acceso ao plan de transporte metropolitano.

Pazos, Mos, O Porriño, Salceda, Salvaterra, xa están no transporte metropolitano.

O PSOE xa no 2003 pediu a inclusión neste Pleno, e foi rexeitada.

Pido apoios, e que non se permita que quedemos ao marxe da Área.

O SR. GONZALEZ CARRERA, este tema foi tratado fai un mes na xunta de portavoces, non houbo consenso. Non podemos darlle un cheque en branco, non sabemos o que lle vai costar aos veciños.

Á Área está composta por 14 membros, aprobado pola Xunta de Galicia no 2012 e ata o momento había normalidade ata que se celebraron as eleccións locais do 2015, o Concello de Vigo cambiou. Cando alguen como Caballero intenta ir en contra da Xunta, para liderar, non imos entrar nese circo.



CONCELLO  
DE  
PONTEAREAS

(Pontevedra)

Non queremos ser os teloneros. Ao final é a Xunta de Galicia quen aproba. Si o Sr. Caballero quere presentarse candidato á Xunta, e seu problema Se nos falou dun borrador, e o que se nos dá é buscar os intereses de Vigo. É unha extratéxia e nos sorprende a actitud do BNG.

Non sabemos o que nos vai costar.

Vinculación Vigo-Ponteareas, sí, pero non se confundan.

En outubro o secretario do PSOE Sr. Dominguez dixo entrar Ponteareas na Área. A Xunta de Goberno o 26 de outubro solicitou a súa integración pero terá que pedirle aos, 14 municipios, non a Vigo.

Vostedes gobernan e teñen que asumir a responsabilidade, ao mellor será un fracaso para o noso concello.

Teñen reunións co concello de Vigo ¿para que nos piden consenso?.

Nos sorprende que o BNG entre nese xogo, intenta xustificar "transporte metropolitano". Non ten nada que ver á Área co transporte metropolitano. Son temas distintos.

Ponteareas ten que aspirar a algo mais, non ser teloneros de Vigo. Quereser facer un voto ponderado e os demais teñen que asumir o que fan eles. Con 3 concellos pequenos terán maioría.

O que nace mal, mal acaba, exemplo a Área de Barcelona cun deficit duns 140.000 millóns de euros.

Temos claro que estaremos atentos.

Para ter o transporte metropolitano non é necesario estar na Área Metropolitana, que conste en acta.

Non din que pasaría si quixeramos saírnos da Área, non podemos dar un cheque en branco.

Imos absternos.

Abrimos a colaborar co goberno pero por intereses xerais de Ponteareas.

O SR. ALCALDE, non pode falar mais de 12 minutos, controlen os tempos para que se poida tratar todo.

O SR. GONZÁLEZ SOLLA, é certo o dito polo concelleiro Sr. Costas, o texto era outro, cambiaron o acordo. Agora piden incorporación.

Logo vou dar lectura da proposta do PP.

Non sabemos en que condicións imos entrar ¿cantos cartos vaille supor aos veciños polos servizos transferidos?, serán mais caros na Área, seguro.

Temos dúbidas.

O concello de Vigo ¿vai incluír o transporte metropolitano, antes non quería, agora si queren?. ¿Vigo vai ceder o transporte interurbano? ¿Cal vai ser o sistema de goberno?, Vigo con 4 concellos pequenos xa é maioritario.

Nese borrador a Deputación non ten que ceder ningunha competencia, antes si.

Propomos unha cesión de todas as competencias da Xunta e Deputación.

Pedimos que si alguen abandone, o poida facer a través do pleno municipal.

Non a incorporación a cegas, sen saber costes.

Presentamos a nosa moción para consenso, e mais ampla.

Dou lectura aos puntos de acordo:



“Primero.- Manifestar que calquera modificación da lei 4/2012, de 12 de abril, da Área Metropolitana de Vigo, debe incluír:

### **1.- Representación nos órganos de goberno da área:**

O concello de Ponteareas deberá estar representado nos órganos de goberno da Área Metropolitana de acordo co seu peso poboacional e participando dun sistema de votación que garanta a aprobación dos acordos por amplos consensos.

Neste sentido, propónse que na Xunta de Goberno da área Metropolitana os concellos teñan o voto ponderado, en función do número dos seus representantes na Asamblea Metropolitana.

Ademías, para acadar calquera acordo necesitarase contar co voto favorable de, polo menos, o 50% dos municipios que integran a Área, apelando a ese espírito de consenso que debe estar presente en todas as decisións.

### **2.- Financiamento:**

Propónse manter este apartado de Lei, de tal xeito que os gastos ordinarios da Área Metropolitana serán financiados polos concellos, proporcionalmente ao seu número de habitantes.

Resaltar que, no caso de que os concellos decidan non entrar a formar parte dos servizos asumidos pola Área, estes concellos non asumirán ningún coste adicional (aspecto xa recollido na Lei)

### **3.- Transporte Metropolitano:**

A cesión da Área Metropolitana da competencia sobre o transporte metropolitano deberá incluír e integrar todos os servizos de transporte público urbano e interurbano, con tráfico no ámbito da Área Metropolitana de Vigo.

Por iso, faise necesario que o Concello de Vigo ceda esta competencia a Área para unha mellor xestión do servizo, garantizando que todos os cidadáns da áreas Metropolitana podan acceder ao mesmo en termos de equidade e igualdade.

### **4.- Competencias:**

A cesión progresiva dende a Xunta de Galicia e a Deputación Provincial das competencias previstas na lei 4/2012 da Área Metropolitana de Vigo, deberán ir acompañadas do correspondente financiamento que garanta a prestación dos servizos públicos inherentes a tales competencias.



CONCELLO  
DE  
**PONTEAREAS**

(Pontevedra)

Polo tanto, deberá evitarse o solapamento competencial entre a Xunta de Galicia, a Deputación Provincial e a Área Metropolitana mediante o trasvase das competencias, co seu correspondente financiamento, que viña desenvolvendo estas institucións no territorio metropolitano.

#### **5.- Abandono da Área:**

A modificación legal deberá contemplar a posibilidade de que o Concello poda abandonar a área Metropolitana de Vigo no caso de que non participe en ningún dos servizos prestados pola mesma, previa aprobación no pleno do concello.

Con carácter previo ao abandono da Área Metropolitana, o concello poderá solicitar a suspensión de dereitos e obrigas por un periodo a determinar, durante o al poderá participar nos órganos de goberno con voz, pero sen voto.

#### **6.- Novas incorporacións:**

De acordo co establecido no texto vixente da lei 4/2012, a Área Metropolitana de Vigo está conformada inicialmente polos 14 concellos que a compoñen actualmente, podendo ser ampliada aos concellos que o soliciten.

#### **7.- Modificacións:**

Esixir que calquera proposta de modificación da lei 4/2012 da Área Metropolitana de Vigo sexa debatida, con carácter previo a súa tramitación polo Parlamento de Galicia con todos os concellos que integran a Área Metropolitana.

**Segundo.-** Solicitar que se faga unha xuntanza con todos os representantes dos Concellos que integrarían a futura assemblea da Área Meropolitana, coa fin de informar de todo o proceso que se está a seguir en relación coa modificación da lei.

**Terceiro.-** O Alcalde, representante do Concello de Ponteareas defenderá os acordos que se adopte ao respecto de cada tema por parte do Pleno do Concello de Ponteareas.

Asemade, convocarase e informarase á xunta de voceiros, coa maior antelación posible, da orde do día dos órganos da Área Metropolitana coa fin de consensuar unha posición conxunta do noso concello.

**Cuarto.-** Dar traslado do presente acordo á Xunta de Galicia, aos grupos políticos con representación no Parlamento de Galicia e aos concellos que actualmente compoñen a Área metropolitana de Vigo e aos que soliciten a súa integración”





CONCELLO  
DE  
PONTEAREAS

(Pontevedra)

Pido que se vote.

Na proposta do goberno falan a quen darlle traslado, me gustaría que se dera traslado á Xunta, Deputación e Parlamento Galego.

O SR. ALCALDE, a petición de consenso foi de ACIP, por eso non se truxo a pleno para intentar consenso.

Vigo contestou, a Xunta non.

Todos tedes a mesma información que nos; nesa reunión poderíades decir o que pensabades, na xunta de voceiros non se dixo nada.

O acordo de outubro da xunta de goberno di "interese en participar", non hai ningún cheque en branco.

Si non queremos quedar fora, ao marxe da Área Metropolitana, sobre todo no que ten que ver co transporte metropolitano, o lóxico é interesarnos en participar dende o primeiro momento.

Non comprometemos nin un so euro.

Os futuros compromisos virán ao pleno. É estar ou non estar.

Calquer grupo pode facer o posicionamento, o mellor para nos é estar ahí.

Falta consenso, demos marxe de tempo suficiente para o consenso.

O PP tivo un mes para aportar, ¿Porqué a presentaron o día 15?. Eso é facer política de partido. O BNG tamen a tiña e non a truxemos.

A moción do PP é similar a presentada noutros concellos.

A situación actual é consecuencia da postura do PP coa lei da área metropolitana de 2012 que non consensuou con ninguén, por eso estamos agora así.

A Xunta non buscou consenso. Ben distinto o que fixo o BNG buscando o maior consenso. O PP rompe o consenso.

Considero que o 1º punto da moción do PP é vaga, non concreta nada.

Poden votala si queren.

No 2º apartado o BNG xa dixo que a lei non contemplaba financiación para os concellos.

Falar de sairse da Área non ten sentido, aínda non estamos.

Vistos os puntos de acordo de nosa moción, non hai ningún cheque en branco.

O SR. COSTAS VILA, reiterar que se trata de dar nosa vontade de entrar, o que non quere decir logo o que faremos cando sexa a integración definitiva.

É importante para o concello.

Non entendo por que falan de cheque en branco cando está todo por facer.

O SR. GONZÁLEZ CARRERA, manifestar a vontade é solicitar.

A Xunta de Galicia contestou por escrito do 26-5-2015.

Non fai falta formar parte da área para ter transporte.

Incorporase a Sra. Bautista Alfaya.

A SRA. FERNANDEZ SOAGE, o Alcalde contestou ben a todo.



CONCELLO  
DE  
PONTEAREAS

(Pontevedra)

Sr.Carrera, non venda fume. O fracaso será non pertencer. O que se decide é estar ahí.

¿quen se está beneficiando do transporte?, o que estan dentro como Salvaterra, que pagan 50 euros menos que nos.

En canto ao transporte urbano, acordo entre a Xunta e o concello de Vigo, a Xunta pode chegar a un acordo sentándose con Vigo.

¿Queredes estar na Área ou non? ¿Queredes quedar illados ou non?.

Pensemos nos beneficios, non podemos quedar fora outra vez. Os pido que pensedes con responsabilidade, en favor dos nosos veciños.

O SR. GONZALEZ SOLLA, comunicalo, xa o fixeron na Xunta de Goberno, o acordo e diferente ao 1º que plantexan.

¿Consenso?, xa van por libre indo a reunións.

Imos absternos.

A proposta do PP tamén se presentou no concello de Redondela, e todos votaron a favor menos o PSOE.

Á Sra. Fernandez Soage decirlle: transporte metropolitano, acuda á emeroteca, cando Vd. boicotearon o transporte metropolitano, co que estamos de acordo.

O SR. ALCALDE, cando eu decida reunirme con alguén non lle vou pedir permiso.

Agradecerlle ao PP non votar en contra.

Pido votación.

O SR. GONZALEZ SOLLA, non vai votar a nosa primeiro?.

O SR. ALCALDE, si quere se vota, pero como emenda.

O SR. GONZALEZ SOLLA, lea, é unha moción, non emenda.

O SR. ALCALDE, lle falei de emenda.

Someto a votación, como emenda, a do PP.

VOTACIÓN Á EMENDA DO PP: 7 votos favor do PP, 11 votos en contra (5 BNG, 4 PSOE, 1 A Riada, 1 EU), e 2 abstencións de ACIP.

En consecuencia queda rexeitada a emenda do PP.-

VOTACIÓN Á PROPOSTA DOS GRUPOS BNG, PSOE, E MIXTO (A Riada, EU-SON):

11 votos a favor (5 BNG, 4 PSOE, 1 A Riada, 1 EU), e 9 abstencións (/7 PP, 2ACIP).

Na sua consecuencia, a Corporación Municipal acorda:

1-Manifestar a vontade da Corporación Municipal de incorporación do Concello de Ponteareas na Área Metropolitana de Vigo a partir do momento de constitución da mesma e. conxuntamente cos demais concellos da área participar na toma de decisións, para a defensa dos intereses de Ponteareas.



CONCELLO  
DE  
**PONTEAREAS**

(Pontevedra)

2-Manifestamos a nosa prioridade en canto ao transporte público na área metropolitina de Vigo para que Ponteareas se incorpore ao mesmo no menor prazo posíbel, instando a Xunta de Galicia a asumir as súas obrigas en base as competencias en transporte interurbano.

3-O Concello de Ponteareas participará naqueles servizos que nos sexan de interese, dentro dos que poña en marcha a Área Metropolitana. No seu momento tomaranse as decisións que correspondan en cada caso.

4-Consideramos que a financiación debe realizarse en base aos habitantes de cada Concello e como ente local a mesma debe contar coa correspondente financiación dentro do PIE do Estado e do PICA da Comunidade Autónoma.

5-Trasladar estes acordos á Xunta de Galicia, solicitando unha reunión coa Dirección Xeral de Administración Local na que participarían todos os Grupos da Corporación.

6-Trasladar estes acordos ao Alcalde do Concello de Vigo, e a todos os Concellos da futura Área Metropolitana(21 concellos), manifestando o interese en participar nas convocatorias que se realicen co obxectivo de por en marcha esta Entidade e de participar o Concello de Ponteareas na toma de decisións sobre a mesma.

7-O goberno local comprometese a informar a todos os Grupos da Corporación de todos os pasos que se den sobre os acordos anteriores”.

**4º) Moción presentada por EU-Son, o día 29 de decembro de 2015 (rexistro nº10410), relativa á declaración deste municipio contrario á aplicación do Tratado Transatlántico de comercio e Inversión.**

Visto o dictame da comisión informativa de desenvolvemento económico, emprego, comercio do 14-01-16.

**A moción de EU,é do teor:**

“MOCION relativa á Declaración deste municipio contrario á aplicación do Tratado Transatlántico de Comercio e Inversión (TTIP en inglés), **de acordo á seguinte:**

## **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A UE e os EUA negocian dende xuño de 2013 un tratado de libre comercio e inversións, o TTIP. Anteriormente a UE finalizou as negociacións doutro tratado, o CETA, con Canadá que está á espera de da súa ratificación por parte



CONCELLO  
DE  
PONTEAREAS

(Pontevedra)

do Parlamento Europeo. As negociacións actuais do TTIP caracterízanse pola súa absoluta falta de transparencia, que se reflicten na súa nula presenza como noticia nos grandes medios de comunicación.

O obxectivo destes tratados é establecer un gran mercado trasatlántico de máis de 800 millóns de persoas que consagraría o dominio das grandes corporacións transnacionais europeas e norteamericanas en detrimento dos cidadáns de ambas as dúas partes do océano. Se ben os seus defensores argumentan que son positivos para reactivar a economía a realidade é que estes tratados pretenden conseguir maior competitividade exterior a costa de rebaixar ou eliminar as regulacións laborais, sociais, económicas, sanitarias, educativas, culturais e ambientais, xa duramente atacadas polas sucesivas reformas habidas no noso Estado.

Non en van, foron as multinacionais- Industria automobilista, químicas, farmacéuticas e agroalimentarias, enerxéticas, bancos, fondos de inversións, etc.,- a ambos os dous lados do Atlántico as que máis premeron para impulsar estas negociacións. (O 90% das negociacións déronse con lobbys destas).

Dado que os aranceis entre a UE e EUA son xa moi baixos o tratado centrácese na eliminación de leis co fin de reducir custos para as multinacionais, as chamadas barreiras non convencionais. Así este tratado pode desembocar na supresión de regulacións sociais, laborais, ambientais ou de seguridade alimentaria e sanitaria, supoñendo tamén unha mingua nas liberdades dixitais. Para iso xerárase o "consello de cooperación reguladora" onde se sentarán profesionais designados polas multinacionais e que marcarán as futuras normativas a crear polos estados.

Un dos capítulos máis polémicos, é a da protección dos investimentos, pola cal calquera investidor privado Internacional pode desafiar, ante tribunais comerciais (pouco transparentes e pouco democráticos) calquera lexislación (ambiental, laboral ou social) que interfira aos seus beneficios. Por exemplo unha regulación sanitaria para prohibir o uso de substancias tóxicas pode ser obxecto de demanda.

Queremos denunciar, á vez das posibles consecuencias que máis abaixo se enumeran, a opacidade e o nulo debate con que se están a levar estas negociacións. Non hai debate porque este tratado se está a negociar na sombra, sen ter en conta os gobernos estatais nin á cidadanía. Tras varias roldas de negociacións a transparencia e a comunicación coa sociedade civil foron nulas. Os propios Eurodeputados viron limitado o seu acceso aos documentos derivados das negociacións, feito o cal contou coa denuncia da propia valedora do pobo europea. En setembro de 2014, a Comisión Europea prohibiu unha Iniciativa Lexislativa Popular que invitaba a rexeitar as negociacións.

Fronte á comunicación fluída e constante coas grandes multinacionais, toda comunicación coa sociedade civil por parte da Comisión Europea se limitou a obviar as críticas e repetir, sen diálogo ningún, as supostas bondades do TTIP.

As consecuencias das posibles ratificacións destes dous tratados -e o de TISA, acordo sobre servizos en fase de negociación entre algúns países da OCDE afectarían a amplos sectores da poboación a ambos os dous lados do Atlántico, posibilitando políticas que ameazarían:



CONCELLO  
DE  
PONTEAREAS

(Pontevedra)

- os dereitos laborais como a liberdade sindical ou a negociación colectiva.
- a pervivencia de servizos públicos como a sanidade, a educación ou pensións.
- a xestión dos residuos, transporte ou saneamento e distribución de augas que serían privatizados.
- a seguridade alimentaria ao permitir os transxénicos na agricultura, o gando vacún hormonado, o porcino e o aviar clorados.
- os recursos naturais, potenciando o fracking e importando produtos altamente contaminantes como as áreas bituminosas.
- a biodiversidade ao apostar pola agroindustria que implica perdas de variedades locais e razas autóctonas e a paulatina desaparición das paisaxes rurais.
- o principio de precaución sobre uso de substancias químicas ao deixar de controlar a súa seguridade antes da obtención do permiso comercial
- a privacidade persoal ao permitir un maior acceso e control sobre datos privados por parte de empresas provedoras de internet e outras grandes corporacións sectoriais
- o acceso aos produtos farmacéuticos ao reforzar as patentes fronte aos xenéricos
- a posibilidade de mecanismos de control bancario que eviten novas crises especulativas.

Para conseguilo, estes tratados contemplan a implantación de dous mecanismos antidemocráticos que aseguren o que os negociadores chaman a "harmonización normativa" que non é máis que unha regulación á baixa da lexislación vixente. Por un lado, o Consello de Cooperación Reguladora, unha especie de goberno das transnacionais que ditaminará o que se pode ou non se pode legislar en asuntos que afecten aos seus intereses e, por outro, o mecanismo ISDS de resolución de conflitos entre empresas e estados, que garante os investimentos|inversións -e as súas previsións futuras de beneficios- de calquera empresa ante potenciais políticas proteccionistas ou de control legislativo, conflitos que haberían de resolver tribunais privados de arbitraje fóra de todo control democrático. En definitiva estes tratados, baixo o disfrazado da mellora da economía e do emprego, ademais de apuntar a mellorar a conta de resultados das grandes empresas, permitirán a paulatina e perversa apropiación do poder político e xudicial por parte do poder económico das grandes corporacións transnacionais.



**Por todo iso propoñemos a seguinte:**

**MOCIÓN**

- 1. Declarar a vila de Ponteareas como municipio oposto ao TTIP, defendendo os servizos públicos básicos para a solidariedade e redistribución social, o medioambiente e a saúde.**
- 2. Solicitar ao parlamento Español e aos Eurodeputados electos o seu rexeitamento á aprobación do TTIP.**
- 3. Solicitar do Ministerio de Economía a suspensión das negociacións do TTIP.**

O SR. COSTAS VILA, á aplicación do Tratado vai supor enormes cambios para nosa vida.

O asunto se negocia de xeito obscurantista dado que aos nosos deputados non lle dan a información suficiente.

Garantan prevalencia ás multinacionais.

Os tribunais privados van fallar a favor das multinacionais (casos como os de Phillis Morris ou a mesma denuncia de Quebec (Canadá).

Nos vai levar a limitar a capacidade e impoñerán as dos grandes estados.

Moitos países de Europa, como Alemania, Austria e tamén outros concellos de Galicia, están aprobando estas mocións.

Considero se debe apoiar a nosa moción, pola agresión que supón a eliminación de dereitos democráticos.

Pido o apoio.

O SR. TRONCOSO RODRIGUEZ, dende A Riada, apoiamos, e abondar a inclusión de trasxénicos (1146 en Estados Unidos).

Decir que o Ministerio é de Economía e Competencia.

O SR. LAGO MORIÑA, velar para que na negociación dos tratados comerciais en particular o tratado (TTIP), se garanten os dereitos sociais, medioambientais, sanitarios, de seguridade alimentaria alcanzados na UE. Sua finalidade deberá contribuir ao cremento económico sostible e a creción dun emprego de calidade. Preservar a capacidade das autoridades nacionais, rexionais e locais e non verse menoscabados por intereses privados.

En todo caso de acordo coa moción, pero mentres tanto non estea o documento final imos absternos.

Os niveis que temos en Europa non son obxeto de cambio.

No 3º punto entendemos que debe ser o goberno de España.

A SRA. BAUTISTA FERNANDEZ, o BNG vai apoiar a moción porque esté en contra do tratado de libre comercio, é un acordo comercial vinculantes, e a redución de barreiras, pero aquí hai outros aspectos como a propiedade intelectual, financeira, laborais, defensa comercial...



CONCELLO  
DE  
**PONTEAREAS**

(Pontevedra)

O tratado ten un prazo indefinido.

Levase negociado dende o 2013 con obscurantismo.

A UE non ten idea do que se nos ven encima, de impide acceso, é un negocio entre os grandes.

Acadar mercado de 800 millóns consumidores, eliminaría o comercio, e tamén non temos idea de como vai afectar a sanidade pública, se pretende liberalizala, deixar entrar aos grandes sectores farmacéuticos americanos....

Outro tanto pasa coa normativa medioambiental. Productos alimentarios, non controlados en América (si un produto causa dano o Estado non ten competencia prohibilo).

Casos como os de Canadá ou Arxentina.

Os Estados quedan indefensos.

Imos votar en contra deste tratado.

O SR. GONZALEZ SOLLA, absterémonos.

O SR. COSTAS VILA, polo feito de impedir o que se negocia, algo bo non será, non poden acceder, desconfiar destas cuestións.

Se pretende eliminar barreiras, para que non se podan obter.

Solicito o voto a favor.

VOTACION: 9 votos a favor (1 EU, 5 BNG, 1 A Riada, 2 ACIP), 11 abstencións (7 PP, 4 PSOE).

Na sua consecuencia a Corporación Municipal acorda:

**-Declarar a vila de Ponteareas como municipio oposto ao TTIP, defendendo os servizos públicos básicos para a solidariedade e redistribución social, o medioambiente e a saúde.**

**-Solicitar ao parlamento Español e aos Eurodeputados electos o seu rexeitamento á aprobación do TTIP.**

**-Solicitar do Ministerio de Economía a suspensión das negociacións do TTIP.**

**5º) Proposta do Goberno Municipal de data 8 de xaneiro de 2016 (registro 107), para a revisión e redución dos valores catastrais.**

Visto o dictame da comisión informativa de Facenda do 14-01-2016.

O SR. ALCALDE, da conta da proposta do teor:



## **“EXPOSICION DE MOTIVOS**

No ano 2009 realizouse unha revisión dos valores catastrais no concello de Ponteareas. Esta revisión supuxo unha revalorización dos valores catastrais que provocou un elevado incremento do Impuesto sobre Bens Inmóbles (IBI).

O valor catastral é un valor administrativo que serve de base ou se toma como referencia para determinar as cuotas de varios impostos: Impuesto sobre Bens Inmóbles (IBI), Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, Imposto sobre o Patrimonio e Impuesto sobre o incremento de valor dos Terreos de Natureza Urbana (Plusvalías), entre outros. Ademais serve de referencia para expropiacións, valoracións urbanísticas, determinadas axudas, becas de estudos e subvencións públicas, entre outros.

Por este motivo os valores catastrais, a súa cuantía e a súa correcta valoración son fundamentais para determinar moitos dos impostos e tamén inciden na asignación dos ingresos que lle corresponden ao Concello na participación dos tributos do Estado (PIE).

Os valores catastrais vixentes tomaron como referencia os prezos medios da vivenda daquela, no momento da burbulla inmobiliaria. A día de hoxe, o prezo medio de la vivenda caíu máis dun 30 por cento respecto aos anos 2008 e 2009. O IBI de Ponteareas é por este motivo desproporcionado con relación a outros concellos similares. Ademais, actualmente hai grandes diferencias entre os valores do mercado e os que serviron de base para a determinación dos valores catastrais vixentes, consecuencia da evolución xeral do mercado inmobiliario.

Ademais en base á revaloración de 2009, cada ano, e así ata 2019, ano no que termina o período de 10 anos de regularización, prodúcese subidas da contribución (IBI).

Neste momento, por ter transcurrido máis de 5 anos dende a revisión de 2009, a Lei do Catastro, no seu artigo 28.3, permite realizar unha revisión dos valores catastrais á baixa,.

Polo anteriormente exposto, propomos ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes

### **ACORDOS:**

**Instar á Dirección Xeral do Catastro, pertenciente ao Ministerio de Hacienda, a revisar os valores catastrais dos bens inmóbles do término municipal de Ponteareas, acorde cos valores actuais do mercado**





**inmobiliario, aplicando a partir do un de xaneiro de 2017 o correspondiente coeficiente reductor sobre os valores catastrais dos inmobles do concello de Ponteareas”.-**

O SR. COSTAS VILA, un pouco a noso pesar imos apoiar, pero a rebaixa vai supor unha rebaixa lineal do imposto, quen vai sair mais beneficiado vai ser o que mais ten. En todo caso vai supor un pequeno alivio para as familias. Traballamos por aplicar políticas redistributivas, que nolo impide a lexislación vixente.

Votamos a favor.

O SR. TRONCOSO RODRIGUEZ, como di a proposta do goberno, apoiarei.

O SR. GONZÁLEZ CARRERA, os veciños saben o que significou a revisión catastral, o feito polo Catastro o ano pasado é brutal. Algúns agora se lle veñen estimando reclamacións pois se incluían barbacoas, patios cubertos, etc Denunciamos eso, e aos veciños non se lles da información nin dende o concello nin do ORAL.

Alguns foron ao Catastro a reclamar, e tiveron incluso ameazas.

No 2009 se fixo unha revisión catastral, a fan todos os concellos.

Non comparto o decir que estamos mais altos que outros concellos.

De acordo, apoiamos.

Parar ese impacto sufrido no rural de 500 ou 600%.

A Xunta recoñeceu que estaba por enriba dos valores, ¿quen llo devolverá aos veciños?.

Pararase, pero non vai baixar a contribución.

Con respecto ao IBI pode buscar bonificacións a colectivos concretos, e non me veña a falar do plan de axuste.

Piden partidas nos orzamentos, para familias necesitadas, nos tamén o temos na nosa páxina web.

O SR. GONZALEZ SOLLA, de acordo coa moción.

Antecedentes: 2003 no pleno de novembro se presentou modificación incremento do 0,42 ao 0,60, o BNG o defendía.

No 2009 sen actualizar o Catastro, a Xerencia iniciou a valoración que non se facía dende hai anos, os valores están fixados pola ponencia do catastro. Esa valoración está en vigor, mais o valor do solo.

Entraba en vigor no 2010, o PP levou ao pleno a baixada do IBI e a redución da base imponible.

Facenda puxo en marcha un proceso para loitar contra o fraude fiscal, proceso que remarou con mais de 1500 altas, con mais de 1,5 millóns, que no 2015 poderan ser uns 3,5 millóns para Ponteareas.

O goberno agora propón, isto podese facer agora porque a lei do Catastro di pode solicitarse cuns requisitos que cumprimos.

Non acompañan un estudo económico de mercado, non sei si o Ministerio o aplicará ou non.



CONCELLO  
DE  
PONTEAREAS

(Pontevedra)

No 2017 entrará en vigor, estaremos no 2016 con deficit 0, se podían propoñer dous acordos: dotar a servizos sociais de subvencións para vivendas a familias necesitadas e establecer axudas para parados, xubilados, familias numerosas....

Pido apoio para este engadido.

O SR. ALCALDE, parece que ao PP chegoulle agora a febre social, non era así cando estaba no goberno, non o aplicaba en época de crise, a contribución era elevada.

Dixo gran xestión no 2010, eso o fixeron todos os concellos.

Incorporaron no Catastro moitas vivendas que non eran urbanas e que pagaban como tal. Fincas urbanas que pagaban e non o son, Vostede se negou a facelo daquela, como o de pagarlle as familias, non está contemplado nos Presupostos do concello.

Irán contemplados nos orzamentos municipais para 2016, as axudas de emerxencia social e nos casos que proceda poderán contemplarse tamén estes gastos. O goberno vai votar en contra para que se traten cos Orzamentos.

A rebaixa significará no ano 2017 entre un 15 ou 10% na contribución. O Catastro ten datos para saber o valor medio das propiedades de Ponteareas.

Un veciño que pague uns 300 euros pode rebaixarse entre 30 e 45 euros menos, agardar a que o Catastro o confirme.

A nos non nos saen os datos que din vostedes.

O SR. COSTAS VILA, a proposta do PP non a podo valorar de momento. O que se está a solicitar non é tan exaxerado.

Leín na prensa cartos para empresas por contratar persoal. Pode haber unha partida para eso.

A favor da emenda .

O SR. GONZALEZ CARRERA, matizarlle, o ano pasado mandaban unha carta que lle cobraban 60 euros para pàgarlle a empresa, lle daban alegacións, poden recoñecelo dende o ano seguinte. En calquera momento poden recoñecelo.

A SRA. GARROTE REPRESAS, puntualizar ao engadido do PP, oportunista e desafortunada, se ríe da xente, non o fixeron vostedes antes.

O goberno ten claro en que se van a invertir axudas económicas nos orzamentos.

É unha vergoña e mais que o presente o PP.

O SR. GONZALEZ SOLLA, non me río de ninguén. A situación do concello é moito mellor que cando nos entramos, agora están ao corrente con Facenda, Seguridade Social e a partir do 2017 mellor.

Acaban de darlle mais ingresos polas 1500 altas que suporán 1,5 millóns .

É aplicar o artigo 32.2 da lei, igual que o fixemos nos.

Non presumo de nada, vostede sí de aplicar ese artigo.

Pido, agora que se pode, dotar partidas económicas, Fagan unhas bases.



CONCELLO  
DE  
PONTEAREAS

(Pontevedra)

O SR. ALCALDE, puido sacar do Castastro no 2009 miles de fincas que non eran solares, e non o quixo facer.

O SR. GONZÁLEZ SOLLA, non minta.

O SR. ALCALDE, non ten a palabra, non interrumpa.  
Daquela non o quixeron facer, hai miles de fincas que non son solares.

O SR. GONZALEZ SOLLA, non é así, lea o informe.

O SR. ALCALDE, lea a lei do Catastro, no IBI están reguladas, non se poden aplicar bonificacións para familias con poucos recursos.

O SR. GONZALEZ SOLLA, lea os informes. Eso non é así.

O SR. ALCALDE, votación á proposta 1º do goberno, logo á de engadido.

VOTACION Á PROPOSTA DO GOBERNO: 20 votos a favor, unanimidade dos presentes (5 BNG, 4 PSOE, 1 A Riada, 1 EU, 7 PP, 2 ACIP).

Na sua consecuencia a Corporación Municipal acorda:

**Instar á Dirección Xeral do Catastro, pertenciente ao Ministerio de Hacienda, a revisar os valores catastrais dos bens inmobles do término municipal de Ponteareas, acorde cos valores actuais do mercado inmobiliario, aplicando a partir do un de xaneiro de 2017 o correspondiente coeficiente reductor sobre os valores catrastrais dos inmobles do concello de Ponteareas”.-**

A ENEMDA DO PP, SOLICITA:

1. - Dotar dunha partida necesaria ao novo orzamento de 2016 á Consellería de Servizos Sociais ao obxecto de por en marcha unha nova modalidade de axudas ou subvencións para que se reintegre o Imposto sobre Bens Inmobles (IBI) por vivenda habitual ás familias cuxa precariedade ou vulnerabilidade económica o necesiten.
2. Que a Concellería de Servizos Sociais estableza unas bases para a concesión destas axudas ao pago do IBI por vivenda habitual a familias cuxos membros se atopen en paro de larga duración, familias monoparentais, familias numerosas, xubilados e pensionistas de baixo nivel de renda.

VOTACION Á EMENDA DE ENGADIDO DO PP: 10 votos a favor (7 PP, 2 ACIP, 1 EU). 10 votos en contra(5 BNG, 4 PSOE, 1 A Riada).

Queda rexeitada.

O SR. GONZALEZ CARRERA, a votacion foi empate.



CONCELLO  
DE  
PONTEAREAS

(Pontevedra)

O SR. ALCALDE, somete de novo a votación, co resultado 10 votos a favor (7 PP, 2 ACIP, 1 EU). 10 votos en contra (5 BNG, 4 PSOE, 1 A Riada).

O SR. ALCALDE, co voto de calidade do Alcalde a emenda do PP queda rexeitada.

Sendo as 22,00 horas suspendese ao pleno uns minutos.

Sendo as 22,21 horas se reanuda a sesión cos asistentes:

Sr. Alcalde don Xosé Represas Giráldez, asistidos da secretaria accidental dona Pilar Rodriguez Dominguez, están reunidos os señores concelleiros dona M<sup>a</sup> Jesus Garrote Represas, dona Cristina Fernández Davila, dona Hortensia Bautista Fernández, dona Verónica Carrera Blanco, don Francisco F. Alonso Pedreira, dona Vanesa Fernández Soage, don Mario Lago Moriña, don Benito Marquez Castro, don Salvador González Solla, dona M<sup>a</sup> Belén Villar González, don Andrés Sampedro Fernández, don Jesus Manuel Cao Vila, don Alberto Novoa Iglesias, dona M<sup>a</sup> Soledad Valado Pérez, don Domingo Freitas Dalmeida, don Juan Carlos González Carrera, dona Raquel Bautista Alfaya, don Manuel N. Troncoso Rodríguez e don Lino Costas Vila.

**6º) Moción de urxencia presentada por EU-Son o día 29 de decembro de 2015 (rexistro nº 10409), para o estudo de implantacion de depuradoras naturais no Concello de Ponteareas .**

O SR. ALCALDE, a raiz do que falamos na xunta de voceiros, o concelleiro de EU presentou outra moción modificando a presentada o 29 de decembro. Estaba na carpeta do pleno e ten entrada do 18 de xaneiro, se entrega agora copia aos grupos.

O Sr. Costas expoñerá a moción e logo votarase a urxencia.

O SR. COSTAS VILA, no municipio o tema da depuración é materia pendente. No PXOM prevese derivar as augas residuais a unha macro depuradora, costoso, por eso propomos un estudo para que nas parroquias se poidan por depuradoras naturais, que teñen e ventaxe de ser menos costosas e xerar menos lodos.

Da lectura aos puntos de acordo:

“Primero.-O Concello de Ponteareas levará a cabo un estudo para avaliar as posibilidades de implantar sistemas de depuración natural de augas nas poboacións rurais de Ponteareas.A tal efecto, reservarase a correspondente partida nos orzamentos do 2016.

Segundo.-O Concello de Ponteareas tratará en sesión plenaria o resultado do estudo do primeiro acordo para acordar a implantación ou non dos sistemas de deputación natural”.

VOTACIÓN Á URXENCIA.-unanimidade a favor dos membros presentes (20 votos a favor).



CONCELLO  
DE  
PONTEAREAS

(Pontevedra)

O SR. COSTAS VILA, engadir que no 2013 presentamos unha alegación para que estivera no PXOM, pero non está.

Fixen unha modificación con respecto a primeira moción presentada e habia outra modificación que non fixen, cambiar o diñeiro para ese estudo por instar ao pleno a facelo. A miña assemblea non me aceptou ese cambio.

O SR. TRONCOSO RODRIGUEZ, manifestar o cambio que se fixo na 2ª proposta. Xa na primeira estaba de acordo, pero a 2ª está mellor.

Voto a favor.

O SR. GONZALEZ CARRERA, de acordo cos estudos, pero voto de menos o tempo no que se faría o estudo.

O SR. MARQUEZ CASTRO, a moción que propón sobre depuradoras naturais, é unha moción que o PSOE sempre defendeu, o medio ambiente.

A moción é un corta e pega dun libro editado no 2003 por Luis Merino.

Fai traducilo e presentalo aquí, elimínase un parágrafo que fala de certas limitacións: maior superficie de terreo e limitación do tipo de verquido.

Explíquelles as limitacións que teñen.

Propoñen estudo: o PSOE de acordo con levar a cabo onde sexan útiles, pero dentro dun plan de saneamento global do concello; proxecto completo de depuración, sin mini depuradoras como antes.

Consulten o libro si queren.

Noso voto é a favor.

O SR. GONZALEZ SOLLA, isto é sorpresivo. A moción que tiña que vir na orde do día era do 29-12-15, mándalle logo cambiar o punto 2º.

Non me parece de recibo señores do goberno.

Ao Sr. Marquez, vostedes si que fixeron quita e pega.

Este é outro método de depuración. De acordo coa depuración dos núcleos rurais, nese millón e pico que lle da a Deputación inclúan depuracións.

Non estamos a favor nin en conta do método pero se require maior superficie sobre 1 Hra. de terreo, e outro que só vale para certo tipo de residuos. Hai que xestionalas ben, De acordo co estudo.

Votamos a favor.

O SR. ALCALDE, na área de medio ambiente está previsto abordar un estudo do saneamento de todo o concello. Temos uns 9.000 veciños sen saneamento público, con fosas sépticas, non sabemos canto costa, como se vai financiar, etc.

Saneamento integral do concello. Pretendemos adoptar aqueles sistemas de depuración mais eficientes, que podamos levalo a cabo con diñeiro e apoiamos a proposta, pero ter en conta as limitacións como decía o Sr. Marquez, para non fracasar.

Votamos a favor.



CONCELLO  
DE  
**PONTEAREAS**

(Pontevedra)

O SR. COSTAS VILA, paréceme un pouco exaxerado o de mentor, non elaboro todas as mocións pero cada un é libre de sacar a información de onde lle pareza.

Imposibilidade de utilizalas cando hai non degradables, é certo, pero aquí pido que se faga o estudo non que se implanta, polo tanto non ten maior problema apoiar este tipo de mocións.

O SR. MARQUEZ CASTRO, Non critiquei que copiaran senon que hai limitacións a explicar.

VOTACION.-Unanimidade dos membros presentes (20 votos a favor).

Na sua consecuencia, a Corporación Municipal acorda:

“Primero.-O Concello de Ponteareas levará a cabo un estudo para avaliar as posibilidades de implantar sistemas de depuración natural de augas nas poboacións rurais de Ponteareas. A tal efecto, reservarse a correspondente partida nos orzamentos do 2016.

Segundo.-O Concello de Ponteareas tratará en sesión plenaria o resultado do estudo do primeiro acordo para acordar a implantación ou non dos sistemas de deputación natural”.

## **7º) COMPARENCIAS**

**7.a) Solicitud presentada polo PP o 1 de outubro de 2015 (registro nº 8058), interesando a comparencia do Alcalde ou do Concelleiro de Persoal respecto da compatibilidade do persoal ó servizo das Administracións Públicas.**

O SR. GONZÁLEZ SOLLA, da conta da petición do PP da comparencia do Alcalde ou do Concelleiro de persoal para que explique as seguintes cuestións:

1.-¿E certo que ao menos dous concelleiros do goberno están percibindo dúas retribucións de dúas administracións públicas?.

2.-¿Teñen solicitado estes concelleiros/as algun tipo de autorización ou comunicación previa de compatibilidade regulada pola lei 53/1984 de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas?.

3.-¿Se é así, en que data foron solicitadas estas comunicacións recíprocas entre ambas administracións públicas?.

4.-Que aclaren a esta corporación cales son os horarios da xornada laboral que van a desempeñar ditos concelleiros/as neste concello e que dan lugar a estas dedicacións.

5.-¿Que se nos informe si os dous postos de traballo desempeñados por estes concelleiros/as non supoñen modificación das xornadas de traballo e horarios nos dous postos, tendo en conta que están condicionados ao seu estrito cumprimento en ambos?.

6.-¿O Alcalde sendo coñecedor desta situación dirixiuse nalgún momento a estes concelleiros/as do goberno para que acreditasen nos dez primeiros días



CONCELLO  
DE  
PONTEAREAS

(Pontevedra)

do prazo da toma de posesión a súa previa e expresa autorización de compatibilidade ante as distintas administracións públicas competentes.-

VOTACION Á COMPARECENCIA.-Unanimidade a favor dos membros presentes (20 votos a favor).

O SR. ALONSO PEDREIRA comparece no acto.  
Vou dar contestación punto por punto.

- 1).-Si, Manuel Troncoso e Vanesa Fernández cobran das dúas administracións.
- 2)En principio, en base ao informe do Asesor Xurídico, consideramos que non teñen que solicitala, a mesma lei lla da.
- 3)Os dous do 6 de xullo e aclaracións do 5 de novembro a cada unha das administracións.
- 4)20 horas semanais, fora do seu horario de traballo.
- 5) Non, existe incumprimento de traballo.
- 6) Penso que non existe incompatibilidade, dallo a propia lei.

O SR. ALCALDE, indicar que o PP ten un informe do asesor xurídico dende hai un mes, que aclara isto.  
É unha interpretación da lei.  
Non é necesario sempre que sexa fora do seu horario, sen outro requisito.  
É plenamente legal.

O SR. GONZALEZ SOLLA, non digo que sexa ilegal, pido explicacións. Antes os informes do xurídico non lle valía, agora si.  
Nos non temos eses escritos. Si comunicación do 18-9-15 sobre comunicación a Trafico da Sra. Fernandez.  
A compatibilidade non se pode aplicar automaticamente, hai que solicitalo e autorizalo.  
A lei o di claro, teñen que cumprir o requisito 3 meses despois de tomar posesion o solicitan. Si dí en xullo, tampouco é así. Teñen que acreditar que están obtidas as autorizacións.  
A concelleira de Ensino ¿trienios, porque o seu pago se levou a xunta de goberno e non viu a pleno?.  
Ese goberno criticou ao goberno anterior por ter moitas dedicacións, agora son necesarias seis. Non sei como lle van explicar esto aos veciños, aos parados, cando aqui 2 concelleros cobran 50.000 euros brutos, e si van ao pacto, quedou nun pacto económico cobran soldos algúns do BNG, do PSOE da Riada. Cobran mais que gastan e contratan asistencias externas.  
Gastan mais que o goberno do PP.

O SR. TRONCOSO, por alusións.  
Significar dende o punto de vista do legal con respecto á ética, o soldo vai en bruto, e o que eu cobro é como profesor fai 32 anos  
20 horas semanais lle dedico ao concello fora da xornada, do que percibo dono o 50% do soldo para os gastos do meu grupo A Riada, con retencións do 25%.



CONCELLO  
DE  
PONTEAREAS

(Pontevedra)

A vostedes lles parece que as xentes de esquerda teñen que estar debaixo da ponte.

Eu quero acabar cos pobres.

Con eses vinte e pico mil haber si me pasan as mans de meter as mans nos cartos públicos.

O SR. GONZALEZ CARRERA, somos respetuosos con esas cuestións.

Aclara concelleiro, cruce de datos. O solicitaremos por escrito.

20 horas, adicación parcial, irán determinados os horarios .

A SRA. FERNANDEZ SOAGE, é a segunda vez que se leva ao pleno, non sei si se me escoita ben.

É público, son funcionaria dende o 2004 por oposición libre competindo con miles de opositores, vostede Sr. Solla non pode falar igual.

Teño orgullo de estar aqui representando aos veciños.

Decir que non son incompatibles, porque hai unha lei, vostede Sr. González Solla non a coñece, é a lei 53/84 e no artigo 5 pon as compatibilidades.

Ainda mais, os opositores sabemos que existe a Secretaria de Administracións Públicas (oficina de incompatibilidade) alí lle dirán obrigados a todo o persoal que desexe ter unha actividade pública, susceptible de compatibilidade (cita os teléfonos).

A Subdelegación do Goberno é o máximo órgano, e teño concedida autorización para asistir as xuntas do goberno das que forme parte.

¿Ten Vd solicitado ese permiso cada vez que abandona o posto de traballo para vir ao concello?.

¿Como se converteu Vd en funcionario?

¿Onde está publicado?.

Non pode decir o mesmo que eu.

O posto llo acaban de dar no servizo do INEM por dedocracia

Deixe de decir maldades e vilezas, eu non llo vou tolerar.

Si por vostede fose, as persoas de esquerdas non tiñamos dereito a traballar, igual que vostedes.

Cobran, si, traballan, si, declaramos todos.

Non fale de ética, estancia pagada en Madrid para ver un partido de fútbol, estea calado.

Ten Vd moita cara. Amose respeto.

Vostede amosa o descoñecemento da lei, non é o pleno o tema de declaración de incompatibilidade.

Si ten dúbidas, denuncie.

O SR. GONZALEZ SOLLA, grazas por chamarme don Salvador.

Sobre a comparecencia, non dixen ilegal.

Dixen que a comparecencia non é automática, hai que solicitala e autorizala.

Pido copias dos escritos.

Non me metín con vostedes.

Estou nomeado no DOG, son laboral da Xunta de Galicia cunha oposición. O goberno bipartito intentou contra nos, pero o xulgado deunos a razón.





CONCELLO  
DE  
PONTEAREAS

(Pontevedra)

Sr. Troncoso, non lle digo o dos soldos, cando vostedes nos criticaban. Quero saber si están autorizados, nada máis. Sería bo que eses documentos se nos fixeran chegar.

Non teño dúbidas que a concelleira de ensino teña dereito ao cobro dos trienios ¿pero porqué non viu ao pleno?.

A SRA .FERNANDEZ DAVILA, podo cobralos, son funcionaria dende 1990 e por lei se me permite cobralos, e pode ir a Xunta de Goberno perfectamente. Seguro que este concello rentabilizará o que me paga.

O SR. ALCALDE, é increíble que se poñan en dúbida os seus dereitos. Non pode meter unha cuestión privada no debate como si fora un coste para ese concello, cando é unha ventaxa contar con eles.

Xa se mirará o que custa esta Corporación, e non mezcle os salarios particulares. É o colmo poñer as cousas en dúbida.

En canto as compatibilidades quedou claro no informe que lle demos do asesor xurídico; non é necesario, só as comunicacións ás Administracións. Que quede claro que o goberno ten 2 dedicacións totais e 4 parciais, custa moito menos que o anterior.

O concelleiro de persoal contestou a todas as cuestións, e volvan a leer o informe emitido en decembro polo asesor xurídico.

O que fixo o goberno foi comunicar o que procedía, e non hai caso como pretende o PP. Dou por rematado o asunto.

O SR. GONZÁLEZ SOLLA, quero pechar eu.

A SRA. FERNANDEZ SOAGE, Sr. Solla, non sabe vostede semánticas, o PP denuncia na prensa por cobrar por 2 administracións. O Pleno non ten competencia para autorizalas, as compatibilidades as otorga a administración de orixe.

Non paso polo que dixo vd na prensa entrecomillado "debería levalas ao pleno municipal", "o PP cree que non cumpren horario".

Eu ficho cando me ausento do meu posto de traballo, non como vostede que sale cando lle cadra. É un mentiroso.

O SR. ALONSO PEDREIRA, escrito do 8 de xullo (rexistros 4146 e 4147), e do 7 de novembro (nº 6884).

Ningún concelleiro con dedicación parcial ten un horario fixado se fixo un computo semal e o cumpren ben.

O SR. ALCALDE, non hai problema neses documentos, están a disposición.

O SR. GONZALEZ SOLLA, á concelleira de Ensino decirlle, non dubidaba que tivera dereito, o que me contestou perfecto, voto en falta un informe. Queremos ver esas copias.

Temos escrito do 18 de setembro enviado a Tráfico pola concelleira de seguridade, marcaba horarios, e señora concelleira cando veño aquí pido



permiso, ao igual que cando asisto as comisións informativas, me parece ridículo que dubide deso.

Repito, é triste que criticaran ao PP por 4 dedicacións, e agora teñen seis, e asesorías contratadas. Mais gastos.

Ausentase o Sr. González Carrera, regresando nuns intres.

**7.b) Solicitude presentada polo PP o 2 de outubro de 2015 (registro nº 8068), solicitando a comparecencia do Alcalde para que explique a xestión do goberno nos 100 primeiros días.**

O SR. GONZALEZ SOLLA, lee a moción:

“O pasado 26 de setembro o goberno facía unha presentación do seu balance dos 100 primeiros días ao fronte do concello nos medios de comunicación, no que entre outras cousas manifestaba a existencia de sorpresas desagradables, facturas nos caixóns débedas sin contabilizar por 1,5 millóns de euros, así como outros datos e afirmacións, lonxe da realidade.

En manifestacións e afirmacións ao igual que outras feitas públicas nestes meses obedecen a unha extratesia posta en marcha polo goberno na utilización da información municipal de maneira claramente interesada e torticeira, valéndose de mentiras e descalificacións á labor do anterior goberno municipal co único obxectivo de ocultar a súa incompetencia.

Por este motivo en aras de aclarar e coñecer máis a fondo estes datos e afirmacións e dentro do compromiso anunciado polo goberno de dar visibilidade e transparencia á xestión municipal, dende o Grupo Municipal do PP entendemos que é necesario que o goberno ofrezca as explicacións oportunas no pleno municipal sobre a súa xestión durante estes 100 primeiros anos de goberno.

En consecuencia, por todas estas razóns o Grupo Municipal do Partido Popular de Ponteareas propón ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

O Pleno Municipal acorda a comparecencia do Alcalde para que explique a xestión do goberno nestes 100 primeiros días”.

VOTACION.-Á comparecencia: 19 votos a favor, unanimidade dos membros presentes.

Incorporase o Sr. González Carrera.

O SR. ALCALDE, agradézolle ao PP a petición, direi o mais relevante. Nos atopamos cun concello desorganizado, non é responsabilidade dos funcionarios, é de quen goberna. Non tiñan nin siquiera base de datos.



CONCELLO  
DE  
PONTEAREAS

(Pontevedra)

Con respecto á situación económica que nos atopamos, vou citar só algunhas: temos uns orzamentos do 2010 desfasados, agardamos poder traer en febreiro os orzamentos ao pleno.

A partida de iluminación estaba agotada, por eso truxemos ao pleno unha modificación por mais de 200.000 euros.

Indicar as cifras dalgunhas sorpresas económicas desagradables: sancións, multas, débedas con outras administracións, mais facturas, 195.000 euros sancións da Confederación sen pagar dende o 2012, a metade xa pagada por nos en decembro.

-Reclamación de 370.000 euros do Consorcio Centro de Día.

-Condena empresa constructora sen contabilizar sumará 140.000 euros mais intereses, xa temos acordo para pagar cada mes.

-Duas condenas de 320,000 euros de intereses de demora por pagar mal e tarde. FCC varios millóns de euros (2 condenas de 2014, mais intereses de demora). Evidentemente a día de hoxe non podemos facer frente.

-Débeda de 315.000 euros da ETAP-Canedo, (sen documentación nas oficinas), o 20% da obra, incrementada en mais de 40.000 euros en decembro.

Mais dun millón trescentos mil de euros e a isto hai que sumar liquidación negativa dos 605.000 euros do PIE de 2013,

Estas son as sorpresas desagradables.

Ademais de concello desorganizado: sen contratos da grúa, telefonía, enerxía, neso estamos nestes meses.

-ETAP: escándalos como os de Patos e Pokemon, que dende a secretaría nos din non existe documentación xa que foi requisada pola policía xudicial e non quedou nada no departamento.

Non vou seguir detaiando estas cuestións .

Sí fixemos: cumprir compromisos e promesas do goberno (destinar o salario do Alcalde por non cobralo, a subvencionar a creación de postos de traballo.

-Estamos gobernando contando coa xente, con roldas polas 24 parroquias con mais de 1000 veciños asistentes, actuamos coa maior transparencia; fixemos traer ao pleno a ordenanza de transparencia e se irá subindo a web.

-Avanzamos co PXOM, nos vindeiros días se presentará no pleno e agradamos se aprobe.

-Convenio coa Deputación, inventario.

-Oficina atención ao cidadá.

-Damos pasos noutros campos.

Si queren que amplie, informamos encantados.

O SR. GONZALEZ SOLLA, pedímola a raíz dos 100 días de goberno.

Segun vostede si vamos a nota de prensa é so criticar, tan só no último párrafo di que nos reunimos cos veciños .

Fixeron anular o proceso de consolidación de emprego.

Vd non fixo nada de nada, só oposición. Continuaron co que fixemos nos.

Dende o PP, creo xa está ben de tanto mentir, falsear. Comeza un novo ano, un novo orzamento, dedíquese a xestionar.

Improvisación, descordinación, falta de consenso cos colectivos.



CONCELLO  
DE  
PONTEAREAS

(Pontevedra)

Nula actuación no rural, igual que coas programacións deportivas, festas, claros exemplos.

Nestes meses se apropiaron de vender os proxectos que deixamos iniciados nos.

Comedores escolares, campamentos, feira tradicional, obradoiro, e a dixitalización do arquivo iniciada por nos.

Antes criticaban fotos, agora todo o goberno sae na foto. Tiveron a gran sorte de atoparse con 45 traballadores subvencionados. Nula actuación e aínda contrataron a 28 máis e por si fora pouco contrato con empresa para desbroces. Herencia: 3 millóns de euros licitados, xa con financiación Xunta, Deputación.

O que si fixeron foi implantar extratexia para confundir aos veciños.

Gran mentira o aforro do seu soldo, os 39000 euros os dedicaron a 2 dedicacións máis trienios da concelleira, máis contratación asesor, máis asistencias, moito máis do que cobramos nos.

¿A que van as parroquias?

Din un millón e medio nos caixóns, 150.000 da Confederación.

O SR. ALCALDE, da Confederación son 195.000 euros.

O SR. GONZALEZ SOLLA, dos 150.000 euros intervención tiña coñecemento (100.000 de canon de verquido, como todos os anos, hai concedido aprazamento os 50.000 euros, sancións verquidos e denuncias do BNG (obra Regato da venda), San Roque mellorado grazas a esta obra. Non se pagaron por recursos coa asesoría xurídica.

Falou de 650.000 euros do PIE, tivo rexistro do mes de agosto, non pde decir que estaban escondidos e terán que devolver cartos da liquidación do 2013 como moitos concellos de Galicia.

Consortio Centro Día, estaba contemplado no plan de axuste, pregunte ao interventor. O BNG foi quen propouxo o consorcio, non estabamos de acordo coa liquidación.

200.000 estación autobuses: o que dixo na prensa é falso, e o que di o informe do interventor, non o que me deron en decembro, o que vale e o que di o interventor, 54.000 euros na contabilidade.

-ETAP, non se pagou porque había que facer fronte a moitas sentenzas, como a de C. Vale.

-2 facturas recollida de lixo, vostedes votaron en contra de incluídas no ICO

O SR. ALCALDE, non

O SR. GONZALEZ SOLLA, utiliza como quere a información. Informe do interventor, liquidación a 30 xuño, preto de 700.000 euros, máis millóns para gastar.

Non se pode ir contar aos veciños cousas, e logo vostedes gastan en convenios.

Terá 1.500.000 da liquidación do IBI.



CONCELLO  
DE  
PONTEAREAS

(Pontevedra)

No 2012 decían debeda concello de 18 millóns de euros, agora 4,5 millóns. Creo que o seu balance foi nulo.

Se dedican a facer oposición. Tomen decisións, non vivan do conto. A xestión económica do PP deulle pé a pedir o EDUSI.

O SR. ALCALDE, aclárese si utiliza a información.

O SR. GONZÁLEZ SOLLA, interrompe.

O SR. TRONCOSO, protesta.

O SR. ALCALDE, decía estaban sen contabilizar, volva a pedir o informe de intervención.

Todo o que dixen de débedas suman mais de 2 millóns de euros,.

As cifras que lle deu o interventor, recollen o que recollen.

O SR. GONZALEZ SOLLA, non pode mentir.

O SR. ALCALDE, falou todo o que dixo, atenda e cale. No informe da estación de autobuses non está recollido os gastos do que custa a persoa que realiza a limpeza, nin parte da iluminación, nen o seguro de Responsabilidade Civil, den os gastos xerais, etc. A esas cifras lle faltaba gastos, por eso lle tardei en contestar ata comprobar o que falta na contabilidade

O SR. TRONCOSO RODRIGUEZ, para poder utilizar media hora, teño que pedie unha comparecencia?.

O SR. LAGO MORIÑA, terrazas, falamos de consenso, nestes 100 días de goberno (do 2015 non temos datos das terrazas colocadas, e algunhas non teñen licenza actividade.

23-12-15 un informe di dende 2006 sen estar os ambulantes ao corrente do ORAL.

Algo estamos facendo, pero non saímos na prensa.

O SR. GONZALEZ SOLLA, pido a palabra para pechar.

Pide a palabra a portavoz do BNG.

O SR. ALCALDE, ten a palabra a portavoz do BNG.

A SRA. BAUTISTA FERNANDEZ, por alusións, llo expliquei o primeiro día, ese remanente de que é mais caro que o goberno anterior. Hai que ter en conta que cada grupo ten dereito a unha adicación parcial, esté ou non no goberno.

O SR. ALCALDE, persoas da Anpa Tea queren expoñer algo no pleno. Non teño o escrito, pero si queren expoñan e poden remitirnos o escrito.

En representación da Anpa TEA se expón:

-No colexio Fermin Bouza Brey, non temos feita a obra do patio cuberto. A concelleira de ensino explicou desacordos coa empresa que se lle había adxudicado, aínda que dixo que sí o teríamos neste ano. Pido información.



CONCELLO  
DE  
PONTEAREAS

(Pontevedra)

-Apertura comedor escolar: asegurou que podía ser tramitado polo concello, dende setembro non sabemos nada.

-Efectivos da policía local (5 e 11 de novembro 2015) se nos dixo que non dispoñían de policía para controlar entradas e saídas do centro. Pido indiquen que medidas alternativas se tomarán.

O SR. ALCALDE, se informará por escrito.

A obra sairá pronto a concurso. Os pregos estanse redactando, hai un condicionante" o remate do curso". Temos tempo suficiente, nos pregos de condicións que preparamos vendrá a data de inicio.

Sendo as 24 horas 9 minutos, polo Sr. Alcalde dase por rematada a sesión, do que eu Secretaria accidental, dou fe.-